

Realismo, dozura, intriga

Destrezas narrativas

PAULA FERNÁNDEZ

Xogares dun tempo novo é a primeira novela galega que trata o traballo que desenvolveron en Galicia as Misións Pedagóxicas, encargadas de difundir a cultura polos lugares máis incommunicados de Galicia durante a República. Personaxes como Urbano Lugo, Carmen Muñoz, Lorenzo Varela ou Rafael Dieste colaboraban coas misións levando títeres, teatro, música ou lecturas a diferentes lugares e así nolo amosa Pepe Carballude nesta novela histórica que conxuga trazos literarios cos datos reais tirados da época.

Para construír a súa historia, o autor válese de Francisca Porta, unha anciá ingresa da súa residencia da terceira idade, que xa nesta última etapa da súa vida fala da súa mocidade e do traballo desenvolvido xunto ao seu compañeiro Agustín, morto nun dos pa-

seos da Guerra Civil, nas misións Pedagóxicas. Deste xeito a novela sitúase temporalmente no presente de Francisca xunto aos seus

compañeiros na residencia mais na narración que se intercala, a feita pola protagonista, coñecemos toda a súa vida até a morte do seu

home. Unha vida marcada polo compromiso cultural desta mestra coa terra e pola que pasan nomes da importancia dos devanditos. Dende o intre que coñece a Agustín a súa vida vólvese plena grazas a este traballo que realizaba, mais o comezo da Guerra Civil e as durísimas consecuencias que tivo na súa vida converten a súa nunha historia traxica de amor.

A narración sae fundamentalmente de Francisca, de exceptuarmos algún capítulo dominado po-

la omnisciencia dende a terceira persoa, e malia a súa idade e o lugar onde se atopa sorprende a vivacidade, o ritmo frenético, que se reflicte na concatenación de historias dentro da diéxese principal onde sempre Agustín, representado no autorretrato que ela conserva no seu cuarto, actúa como o narratario que dentro do relato escoita todo o que esta narradora protagonista está a contar.

Realismo, dozura, intriga e un desenlace tremendo contribúen a dotar esta historia de todo o preciso para compoñer unha novela atraente e interesante mais, á beira da compoñente ideolóxica que enfrenta posturas radicalmente opostas, cómpre tamén salientar a calidade da escrita de Carballude, o seu dominio da linguaxe, dos ritmos narrativos e a destreza á hora de deseñar personaxes. Son todos trazos que enriquecen unha achega que se ben nun principio podería considerarse tópica polo que ten de histórica, moi pronto advertimos advertimos a súa innovación e sobre todo a súa calidade.

CARBALLUDE, Pepe,
Xogares dun tempo novo
(Ilustr. Beatriz García Trillo)
Ed. Everest Galicia. A
Coruña, 2009. PVP, 50 €

